

Plan de Actividades 2012



O Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia desenvolve fundamentalmente a súa actividade de apoio ás universidades galegas, nos seguintes ámbitos de actuación:

SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN QUE SE ESTÁ A DESENVOLVER NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA

1. Contratación de recursos electrónicos de interese común ás tres universidades galegas: Bases de datos referenciais, libros electrónicos, revistas electrónicas e portais e servizos de información.
2. Estratexias de contratación: estudos e viabilidade de cambio nos modelos de contratacións dos paquetes de revistas: contratacións adaptadas á colección.
3. Estudos tributarios dos servizos de acceso aos recursos electrónicos de Bugalicia para ser considerados gastos de investigación e posibilidades de devolución do IVE.
4. Estudos de avaliación da nosa colección de recursos electrónicos.
5. Revisión e asesoramento xurídico das licencias de revistas.

SERVIZOS DE APOIO ÁS TIC NAS BIBLIOTECAS

1. Soporte técnico ao acceso aos recursos electrónicos contratados a través do Consorcio.
2. Mantemento dos listados dos revistas electrónicas contratadas a través do Consorcio.
3. Control da actualización dos recursos contratados nas diferentes plataformas e sistemas de información (cambios de plataformas, novidades, etc.)
4. Mantemento, administración e desenvolvemento do ERM e contorno web de consulta para as universidades: listaxes de títulos consorciados, listaxes counter e datos estatísticos e información relevante dos recursos consorciados.
5. Administración de SFX : Descarga de las actualizacións mensuais de software da aplicación. Carga y revisión anual dos listados das licencias consorciadas. Resolución de incidencias.

6. Administración de MetaLib: Descarga das actualizacións mensuais de software da aplicación. Revisión dos cambios dos recursos contidos nas actualizacións. Engadir recursos de interese común as tres universidades. Resolución de incidencias.
7. Administración do servidor de SFX/Metalib: Control do servidor, actualizacións do Oracle, backups, estatísticas, etc.
8. Análise da viabilidade de suscripción dunha ferramenta de descubrimento.

SERVIZOS DE APOIO Á FORMACIÓN CONTINUADA DO PERSOAL BIBLIOTECARIO GALEGO ORGANIZANDO

Cursos específicos de especial interese para os profesionais das bibliotecas universitarias

COLABORACIÓNS NOUTRAS INICIATIVAS BIBLIOTECARIAS

1. No ámbito galego:
 - Colaboración coa Rede de Centros Tecnolóxicos de Galicia
 - Colaboración cos Centros de Investigación dependentes da Xunta de Galicia
 - Colaboración co Servicio Galego de Saúde (SERGAS) da Consellería de Sanidade.
 - Colaboración coa Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura dependente da Consellería de Cultura e Turismo.
2. A nivel nacional:
 - Colaboración coa Asociación Expania (grupo de usuarios de SFX/Metalib):
 - Colaboración cos Consorcios de Bibliotecas Universitarias doutras Comunidades Autónomas